

Presentación de *Quen beillaría iso*,
de Xosé Antón Laxe Martiñán

Xabier Cordal

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

CORDAL, XABIER (2011 [2007]). “Presentación de *Quen beillaría iso*, de Xosé Antón Laxe Martiñán”. Edición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1176>>.

* Texto inédito até a súa edición en pdf en *poesiagalega.org*, dispoñíbel desde o 20 de setembro de 2011 a partir do arquivo facilitado polo autor/a ou autores/as.

PRESENTACIÓN DE *QUEN BEILLARÍA ISO*, DE XOSÉ ANTÓN LAXE MARTIÑÁN

Xabier Cordal

Fixo ben, fixo de verdade moito ben Baía ao publicar a obra que hoxe celebramos, nun acto que só pode ser verdadeiro, intelixente e ateigado de emoción, coma o autor dos versos que tedes agora nas maos.

Os poemas de Xosé Antón Laxe Martiñán están de volta da escritura leve. E da escritura que disimula a infamia. El coñece ben o fraseo musical do disimulo porque traballa alí, na boca das leis do sistema e no Estado que aborrece moitas das cousas que nós eliximos amar. Traballa alí, non traballa para eles. Na realidade xamais marchou daqui. Xosé Antón, cando colle o coche en dirección ao sur, na realidade está iniciando o camiño de volta á casa. El díxomo: “Vivo dentro da lingua”.

Vive dentro da lingua e ten estratexias. Fixádevos na primeira: abrindo o libro, vemos unha obra de fasquía neoclásica. Vemos a división familiar do soneto, catro, catro, tres, tres. A arquitectura desa longa tradición –do soneto- deulle transparencia visual á forma e serviulle ao autor para esixir aos versos máis do que estes, se cadra, darían en estrofa libre. Retorceunos, espremeunos. No entanto, cando abrimos ao azar e lemos coa calma debida, observamos que a intención está lonxe da vontade de maxisterio clásico. Unhas veces hai sílabas medidas, outras non; unhas veces a solemnidade tumbal excede o hendecasilabo, outras encóllese, suxire, pinta impresións ou toca pechado para obrigarnos a entrar con el onde baten o vento e a luz. Son en todos os casos estrofas de amor e de liberdade.

Falábamos da forma. O barroco ten dado entre nós, espalladas pola xeografía enteira, obras moito máis brillantes ca o neoclásico, e a obra, *Quen beillaría iso?*, escúsase no soneto para cantar iso, o que contábamos, a arte de volver. Xosé Antón Laxe Martiñán engasta pedra sobre pedra, escena sobre escena, e o libro progresa e vai medrando en cada páxina. A intensidade é tanto emocional como verbal. Vive dentro do idioma: e que idioma, compañeiros e compañeiras! Aludindo ao barroco, á pedra e ao idioma pensamos en Otero, ou sexa, pensamos en *Quen beillaría iso?* (a pesar do Cunqueiro que xustifica a obra na primeira páxina) como unha homenaxe consciente a Otero. A lingua de Laxe Martiñán é de seu, pola teimosía e polo coidado de ourives, unha reivindicación.

A volta a casa, insistimos na volta, ten como eixo fundacional o discorrer áspero e harmonioso das palabras neste libro, que se escribe en boa medida para dicilas e para darlles vida na terra e no mar das emocións. Laxe escribe terra e escribe mar, está en praias, en tardes, en searas, mais non se move da lingua. As palabras progresan, en dirección ao basamento dunha sinceridade sen fragmentar que converxe en tres ideas: campesinado, proletariado, amor. As palabras apuntan a ese horizonte finito, porque elas mesmas se encargan de que tome pé na realidade, fan pousar a vista en termos arcaicos, esquecidos nos vellos

que arden coma bibliotecas, no camiño longo das letras galegas, violentamente. As escenas non están montadas para a ocasión. Eles son verdade e o que vai quedar deles tamén é este poemario sincrético e valente.

O barroco, Otero, as pedras puídas e animadas, sen medo a que medre o verdín e manque a carriza sobre fondo clásico. Clásico dito sen vergonza, a paisaxe común con Díaz Castro, e con Víctor Campio, e con Darío Xohán Cabana; a lingua pulcra cabalgando o soneto. No soneto fai canxar Laxe conceptos de profunda complexidade, que requiren varias lecturas. No que toca ao vestido pois si, podían por en vez de sonetos ser dáctilos, ben, mais ollo, non se me despisten, porque Laxe Martínán, na súas múltiples idas e voltas, retornou tamén co fardel da vangarda: Manuel Antonio; e con ecos surreais do músculo e do líquido de Neruda, por citar algún dos que el cita. Do contrario serían imposibles versos espléndidos e visionarios coma estes: “os camiños, perdéronse; descoida/ o chan os seus cadáveres sorrintes”. A vangarda cohabita sen esforzo e sen estrañeza, é o signo deste tempo de crise, con sombras dos cantos vellos: Amergin ou Taliesin están, por suposto que están.

Alén do amor, do campesiñado, do proletariado, a idea que máis se repite é a do naufraxio. Vai ao acaso, salferida, nun verso ou noutro, non ao mellor na posición de privilexio que lle dera o mesmo Víctor Campio nun (tamén) soneto que se titula precisamente así, “Náufrago”. Podemos supoñer que os naufraxios que Laxe Martínán vai deitando no poema teñen quizais outras dimensións, e que el non quere detallalas porque a propia dor lle resulta insufrible alí onde se cruzan o social e o íntimo. A xeopoética de Xosé Antón ten vocación global, por moito que se vista de obxectos e de luces á medida horizontal do ser humano. Ten vocación global e é larga coma a nación, esta nosa que o século desarma antes de que reparemos nos detalles, na dor: que van quedando os barcos sen xente moza, de norte e a sur, que vai morrendo o ritmo das sazóns labregas coa cadencia reumática en que morre un xeito de pronunciar a nosa lingua.

E non permitiremos que sexa o único xeito nin que se convirta só nun legado. A túa lingua, Xosé Antón, que así e todo está chea de prodixios e lugares e corpos que aman entre lucernas, lugares que cando ti amas nos serven para facer unha cabana de significado contra os fascistas que seguen no seu, acoitelan rapaces e ensinan os dentes en youtube por se algún día son útiles ás finanzas internacionais.

Por iso eu creo que fixo ben, moito ben Baía ao devolver á xente as palabras de Laxe Martínán, que unen coa arma do sentido as citanias costeiras de néboa e os sotos rubios de Allariz. E dan alimento. Non é común nesta época escribir en galego, camarada. En *Quen beillaría iso?* aprenderemos contigo a arte de volver; parabéns por volver sempre á terra, collas a dirección que collas, e ser contemporáneo; por ensinarnos versos que saben brillar cara ao interior, e dis ti: “lacín noso, orgo, mineral escuro”.

Parabéns e moitas grazas, Xosé Antón.

E grazas a todos vós.